

Educomunicación e medios comunitarios en Europa. De barreiras invisíbeis e conceptos irmáns. Conversa entre Sonia Livingstone e Peter Lewis

■ *Conversa moderada por Carme Mayugo. Texto editado por Comba Campoy*

Universidade de Santiago de Compostela (España)



1. Peter Lewis e Sonia Livingstone, durante a conversa mantida no despacho de Livingstone, na London School of Economics and Social Sciences, o 4 de decembro de 2014. Fotos: Adrián Ruíz Martín

Desde a RICD puxemos en común os coñecementos e a experiencia de dous referentes nos seus campos de investigación no ámbito anglosaxón, Sonia Livingstone e Peter Lewis. Tanto unha, máis enfocada á exploración de estratexias de educomunicación coa infancia e xuventude, como o outro, centrado nas posibilidades do medio radiofónico como instrumento comunicativo das comunidades, comparten a necesidade de artellar fórmulas que cheguen a investigación e o traballo educativo nas escolas e universidades á sociedade, e en especial aos grupos en situación de vulnerabilidade. E isto leva aparelada unha maior atención ás preocupacións e problemáticas deses grupos, alén do xeito no que se chegan habitualmente aos medios de comunicación. O encontro tivo lugar en Londres en decembro de 2014.

— **Como poden a educomunicación e a comunicación comunitaria respostar ás necesidades dos grupos sociais en situación de vulnerabilidade?**

Peter Lewis (PL): penso que a existencia dos medios comunitarios, as radios en particular, débese a unha ausencia nos medios hexemónicos de programas para grupos marginalizados. Moitos destes grupos afirman que os grandes medios de comunicación distorsionan, desatenden e mesmo ignoran as súas necesidades, cando deberan ser tamén a súa voz. Pódese dicir que inclusive as mulleres, por exemplo, son una minoría social porque de maneira escandalosa non son suficientemente representadas no cadro de persoal dos medios convencionais, mentres que nas radios comunitarias en Europa teñen desempeñado un rol fundamental.

¹ A conversa foi traducida do inglés ao galego por Aloia Álvarez Feáns. Pódese ver a conversa orixinal na canle de Youtube de RICD: <https://www.youtube.com/watch?v=HeiAnqqBzw>

Sonia Livingstone (SL): na idea da educomunicación eu incluíría tamén, por exemplo, as habilidades críticas necesarias para cuestionar os textos dos medios de masas e entender por que os grupos máis vulnerables non están representados ou non son incluídos na TV, no cine ou na prensa hexemónicos. Así que por un lado, está a lectura crítica doutros medios e polo outro, a creación de medios. Supoño que pensamos particularmente na radio porque en moitos contextos de países en desenvolvemento a radio é crucial; pero moi a miúdo, cando traballo con crianzas e xente nova, precisamente non é a radio o que máis lles interesa, senón crear blogs, usar as redes sociais, subir vídeos a Youtube e cousas así... Así que a cuestión é onde consegue a xente expresarse con voz propia alén doutras plataformas onde non poden atopar acceso.

PL: Para volver ás orixes, digamos que dende finais dos 60 e inicios dos 70 houbo unha enorme rebelión por parte de certos sectores da comunidade, especialmente a xente nova: campañas contra a guerra de Vietnam, loitas sindicais contra o peche de industrias tradicionais... Isto deu lugar ao xurdimento do Grupo de Medios da Universidade de Glasgow, que foron os primeiros en empezar a analizar isto. Naquel momento, as radios comunitarias estaban facendo ese traballo en todo o mundo (excepto en Gran Bretaña), que empeza porque a xente vexa as ausencias e analice as distorsións e por que ocorren para despois capacitárense para usar os medios.

SL: Creo que o concepto de educomunicación foi tradicionalmente explicado de maneira sinxela como a capacidade de ter acceso, usar e crear medios, en calquera formato. Neste contexto ideal, unha comunicadora ou comunicador competente vai ser quen de tomar a mellor decisión posible sobre que tipo de medio crear: cando será mellor crear unha radio, cando será mellor tuitear... Por exemplo, no contexto dunha protesta, quizais agora a xente nova crearía un tuit antes ca un programa de vídeo, desmontando a idea de que unha imaxe fala mellor que mil palabras... Hoxe hai unha panoplia grande de posibilidades de comunicar, e parte da habilidade non está só en como creas

o teu medio, senón en como chegas mellor á túa audiencia.

PL: Estou totalmente de acordo contigo. Pero quero falar sobre copresenza, voltaremos sobre o teu punto sobre a escollo do medio. Penso que a presenza nas ondas radiofónicas —tamén en internet nos últimos dez ou quince anos— da creación sonora no espazo público (preferiría que fose a falada, pero máis ben é a música) é moi importante. Por poñer un exemplo, en Bristol hai unha emisora de radio, *Salaam Shalom*. O seu director ten dito que, máis importante que axustar a posición na grella dos programas para as comunidades xudía e musulmá, é o debate que se xera para crear esas grellas, na que dúas comunidades teñen que falarse.

Por suposto, iso pode ser o caso tanto na radio por internet como na radio por ondas. Ademais penso que é difícil atopar agora algunha emisora que non use Facebook e Twitter para autopromocionarse e chegar á audiencia.

— Esta converxencia tecnolóxica da que falades, pode constituir unha oportunidade para a xeración dun espazo común entre a educomunicación e os medios comunitarios?

PL: eu atopeime con isto nun gran proxecto chamado COMAP (*Community Media Applications*) no que obviamente se requiría a formación para persoas mozas e crianzas en idade escolar, e tamén xeracións máis vellas, que necesitan aclimatarse aos novos medios. En Friburgo, en Alemaña, persoas mozas e maiores compartiron o seu coñecemento sobre onde e como xoga ou xogaba cada xeración na súa respectiva época. Así que as dúas xeracións faláronse entre elas e fixemos un mapa que tamén se podía activar a través dos smartphones.

SL: Cando falamos da converxencia hai unha especie de paradoxo contra o que se está loitando desde a investigación, pero tamén nas prácticas. Por un lado, a tecnoloxía permite novos tipos de voces, novos tipos de entendementos e novos niveis de significado, pero polo outro lado, crea novas barreiras e pode ser que xente maior, pero tamén nova en distintas circunstancias, non dispoña da tecnoloxía nin estea familiarizada, cómoda, coas maneiras de integrala, de interpretala.

“Mesmo neste tempo, coa importancia dos social media, penso que segue sendo precisa unha copresenza na construción dunha estación de radio, un lugar onde a xente poida atoparse fisicamente”

Peter Lewis



2. P. Lewis e S. Livingstone comparten a preocupación sobre a necesidade de chegar a investigación á sociedade

Tamén pode que algunhas persoas sexan remisas ou sintan que as están deixando de lado, así que hai novas posibilidades pero tamén novas formas de exclusión, e algunhas veces son facilmente detectables.

PL: tamén están as reticencias da xente nova a usar o discurso na forma tradicional, esta podería ser outra barreira...

SL: exacto... A xente nova fala e fala todo o tempo...

PL: é certo! (ri) Aos estudantes aos que ensino teño que introducilos no concepto de libro porque os googlebooks só che dan un capítulo solto nunha edición compilada. E nin sequera sabes que libro estás lendo...

SL: estamos soando algo anticuados, pero agora dislle ao alumnado que mire este enlace, estoutro, e isto é o que tes que ler. Antes nós iamos á biblioteca e había miles de libros e tiñas que escoller. Así que as habilidades de educomunicación tratan sobre o xuízo, sobre como facer eleccións sobre que é relevante. Agora Google toma esas decisións por ti e isto non parece una boa estratexia para a alfabetización.

PL: a educomunicación en estudantes de primeiro ano de carreira, na universidade na que ensino, que por certo está ao final do ranking... Non sei se deberiamos facer isto co alumnado, pero eu lévoos á biblioteca percorrer os corredores cheos de andeis con

libros...

SL: eu tamén o fago...

PL: falo? Iso tamén é educomunicación, non?

SL: si, penso que é a maneira de expandir as ideas da xente sobre as posibles oportunidades comunicativas que teñen e facerlles sentir que as barreiras para usar certas tecnoloxías se reducen, e tamén ver que os xuízos que lles son familiares sobre un medio poden ser feitos sobre outro. Trátase de que teñan visións críticas sobre os distintos medios.

— Os medios comunitarios como espazo para a diversidade lingüística

PL: en Gran Bretaña temos diversas comunidades de inmigrantes vivindo dende hai moito tempo. En cada xeración que pasa, as súas linguas maternas son menos coñecidas pola xente nova. Tamén, por exemplo, as persoas migrantes de Europa do Leste non atopan na radio ou noutros medios a súa lingua e teñen que usar a televisión por satélite para mantérense en contacto. Neste país tan xenófobo no que vivimos un monte de xente que chega, refuxiados, foron interrogados dunha maneira moi hostil antes de que se lles permitiese entrar no país, e teñen que contar as súas historias. O primeiro paso é darlle a esta xente un canal de comunicación, un microespazo nun programa de radio, sexa por internet ou



3. Peter Lewis

ondas, para que poidan falar a súa lingua e falarlle ao resto da xente da súa comunidade; e comunicarse se cadra coa súa terra de orixe e o resto da diáspora. Pero hai un segundo paso: como se comunican co país de acollida. Unha emisora pode ter cinco ou dez canais diferentes para diferentes linguas pero en cada un deles só se fala unha lingua...

SL: é unha cuestión difícil.

PL: En Austria fixeron unha programación multilingüe, con presentadores bilingües, e a lingua de acollida e a nova están entrelazadas con moita música, o que mantén á xente interesada. Tes tres comunidades que escoitan e todo o mundo pode acceder.

SL: Estou de acordo coa importancia disto e como podemos mellorar a comunicación atravesando as fronteiras lingüísticas e culturais, pero estás asumindo un mundo feliz de confianza. Un dos aspectos da educomunicación é pensar criticamente no xeito no que una información é usada e como podería ser “abusada”. Por exemplo, un grupo quere comunicar algo acerca da súa experiencia como inmigrante na súa propia lingua, pero non necesariamente quere que a lingua de acollida o malentenda ou que as autoridades os escoiten e poidan tirar proveito diso. Iso faime pensar na desconfianza que ten a xente cara a todo o que se coñece como converxencia tecnolóxica dos medios: todo está sendo escoitado; temos que ser moi coidadosos. Sei que hai moita preocupación polo feito de que a xente use Facebook como un sitio de protesta e como forma de expresión lexítima dunha preocupación ou protesta política desde a base, porque pode ser obxecto de abuso por parte dos que escoitan, agora ou se cadra

no futuro. E as identidades son retidas e a información é escoitada de maneira diferente en diferentes contextos. Así que a educomunicación ten que atender tamén esa falta de confianza que é lexítima e entender como a comunicación pode ser mal usada, ademais de superar barreiras e producir un mellor entendemento mutuo.

– Como podería aplicarse a vosa investigación en proxectos de educomunicación e comunicación comunitaria, especialmente no ámbito da infancia e da xuventude?

SL: véñenme á mente diversas maneiras posibles nas que distintos campos poden interconectarse. A investigación na educomunicación céntrase nas persoas, no que precisan saber sobre os medios, e que é o que necesitan entender. Así que é crucial pensar a diferenciación. Por exemplo, en Gran Bretaña, unha gran parte da investigación en educomunicación é producida polo Regulator Ofcom, que segmentan por idade e, ocasionalmente por estatus socioeconómico. Pero non che preguntan se es un falante nativo, ou se es un migrante, ou cal é a cultura da que formas parte. E sobre o que realmente non preguntan, e deberían facelo e entendela mellor, é sobre os propósitos da comunicación. É preciso que as nosas habilidades de comunicación persigan algún fin, que poden vir do noso estatus de migrante ou de local... Hai todo tipo de razóns para comunicar. Entender a relación entre as habilidades que temos e as que necesitamos para conseguir os propósitos é crucial. É interesante que moita xente en movementos sociais estea capacitada na comunicación a través da web 2.0 precisamente porque está tratando de comunicar algo máis alá dos medios hexemónicos. Mais en proxectos de produción mediática para xente nova ou para adultos trátase de implicalos para crear algo e desenvolver unhas habilidades, mais non teñen un obxectivo especial. Botan a tarde editando una película, pero non necesariamente iso resultará en que van rer o coñecemento e non necesariamente vai producir un beneficio comunicativo. Así que, pensando en migrantes ou comunidades, a necesidade para comunicar de determinadas maneiras é o que debería guiar a axenda da educomunicación, non as habilidades en si.

PL: retomo un punto teu, as audiencias pequenas. É certo que na radio comunitaria, seguindo co exemplo da radio, non hai métodos para medir as audiencias tal como se usan nos medios hexemónicos porque son moi pequenas alén de fragmentadas

no interior dunha estación concreta. Así que a esperanza para esa estación é que a xente a sintonice. Estou pensando por exemplo en *resonancefm*, aquí en Londres, que emite sobre todo música, pero tamén contidos de atención a migrantes, comunidades migrantes asentadas, ten un programa africano... Faise desde o London's Musicians Collective e é financiado polo Arts Council, así que teñen bastante diñeiro. Isto lévame a pensar sobre algo que temos que considerar. As audiencias son significativas nun sentido cualitativo. Un exemplo, recentemente fun á House of Commons, onde a *Campaign for Press and Broadcasting Freedom* (CPBF) estaba lanzando o seu *Manifesto de reforma mediática* e esta é unha causa moi importante, porque a xente que fai investigación neste país está mirando e investigando sobre, por suposto, medios tradicionais (prensa, tv, internet, medios sociais na rede). E eu fun o único que preguntei: que pasa cos medios comunitarios? E mesmo neste tempo, coa importancia dos social media, penso que segue sendo precisa unha copresenza na construción dunha estación de radio, un lugar onde a xente poida atoparse fisicamente.

SL: Estamos caendo nunha concepción propia do século XX, esa dicotomía entre os medios hexemónicos e os comunitarios. Unha das cousas que a diversificación das plataformas e canais de medios está facendo é que nos movemos dunha soa a moitas, ou máis amplas. Podémosos comunicar máis entre grupos pequenos e os grupos tradicionais máis grandes poden moverse e a comunicación pode fluír de maneiras impredecibles. Xa non podes dicir: a maioría da poboación mirou ou escoitou x onte á noite. Así que estamos traballando con instrumentos clásicos de medición estandarizados a gran escala que non son outra cousa que simples números. Se queremos pensar no valor dos medios comunitarios, a importancia de ter a túa propia voz e o espazo para expresala, necesitamos pensar noutros tipos de métricas que poden ser cualitativas pero tamén cuantitativas, pero en calquera caso deben estar relacionadas cos obxectivos. Non se trata de se miles de persoas escoitaron o que dixeches, senón se a xente á que estabas intentando chegar escoitou e entendeu o que tratabas de dicir.

PL: E tamén no que pasa como resultado diso. Eu empecei un programa educativo o ano pasado. Sempre estaba enfocado ao que ocorre na aula, nas televisións escolares, por exemplo. Temos un monte de exemplos, de cousas que están ocorrendo e que foron fa-

“Hai moitas maneiras nas que a xente se exclúe a si mesma e non é consciente de que a comunicación é parte da solución para os problemas que enfrenta nas súas vidas ou na súa comunidade”

Sonia Livingstone

cilitadas polos medios, pero precisan dalgún tipo de indignación, de movemento político para usar os medios. Estou seguro de que ti non subscribes o punto de vista de que a primavera árabe fose un resultado dos medios sociais en Internet.

SL: non, pero a cuestión interesante é que tería pasado na primavera árabe sen as redes sociais. Ou como tería sido diferente sen elas. Por iso aquí estamos falando de mediación, máis que simplemente da influencia dos medios. Os medios convertéronse en parte da paisaxe de comunicación.

— Están aproveitando os medios comunitarios as posibilidades da crecente participación das bases nas redes sociais?

SL: son un pouco pesimista nesta cuestión particular, porque parecería que as barreiras para crear o teu propio contido, ter unha voz e incluso diseminala reducíronse, pero volve-mos ás enquisas. Enquisa tras enquisa, din que é unha pequena minoría de xente a que aproveita esa oportunidade pola razón que sexa, é dicir, é unha pequena proporción da poboación, incluso neste país privilexiado, a que publica un post, sobe cousas a youtube e non só as descarga, ou grava calquera tipo de contido de vídeo ou audio. E aqueles que o fan tenden a ser os máis privilexiados, con maior nivel educativo, adoitan pertencer á clase media, así que incluso aínda que pareza que as barreiras se reducen e as posibilidades parecen infinitas, non sei se veremos esa transformación das diversas voces que esperamos ver. Non sei se é un problema de educomunicación, un problema de desigualdades sociais, ou un problema de políticas.

PL: quero retomar o argumento de Jodi Dean, de que todo está perdido na blogosfera. Que hai millóns de voces que non poden ser atendidas e que a xente só pode falar

dentro do seu grupo, compartir material... No anticuado sistema de emisión radiofónica si existe esa posibilidade de diálogo. Doutra banda, a diversidade que todos desexamos nos medios británicos non está a ser ben proporcionada desde os medios hexemónicos. Certo, moita xente está tuiteando e publicando no facebook, pero se miramos onde se están comunicando as comunidades entre si, diríamos xeograficamente, conscientes da existencia dos outros e escoitando cales son as súas necesidades, pois iso esta tendo lugar en 200 lugares deste país... [Refírese ás radios comunitarias da rede Ofcom].

SL: Ese é o problema central na miña investigación. Neses 200 lugares, neses espazos tan estimulantes, a miúdo hai xente nova creando algo, ilusionándose, desenvolvendo habilidades para facer algo que chegue á audiencia e é fantástico... Pero penso, por que só hai 15 persoas nesta habitación, que pasa cos demais? E cando entrevisto aos demais, á cantidade de xente que vive ao redor, non di, “ah, non sabía, encantaríame vir, virei a semana que vén”, senón “non quero molestar, quen vai escoitar nada do que eu faga, non teño ningunha habilidade”. Así que hai moitas maneiras nas que a xente se exclúe a si mesma e non é consciente de que a comunicación é parte da solución para os problemas que enfrontan nas súas vidas ou na súa comunidade. Séntense apáticos ou frustrados, así que incluso se os conduces á porta non entrarán, non ven os obvios beneficios que ti e eu vemos.

PL: fai falta algo máis que proxectos e investigación, e emisoras que proporcionen acceso. Hai moito que facer nas escolas, por todo o que ti estás descubriendo. En Totham hai unha emisora *online* que se chama Unity e foi establecida polo concello despois dos disturbios de hai dous anos e ten una grella de programación impresionante; a xente estaa usando moito, non o esperarías.

Déixame darche un exemplo completamente diferente. En Southhall, en West London, onde a comunidade é en gran parte punjabi, hai unha emisora con licenza Ofcom que se chama Desi radio, na que todo o mundo transmite en punjabi. Así que o resto da

xente que escoita non o entende, eu non o comprendía. Por que iso? Pois o Punjab foi dividido nos tempos da partición e o estado de Pakistán foi creado pola forza, separado da India. E nesa área, por suposto hai catro ou cinco hindús, musulmáns, e cristiáns. O que concluímos en Southall é que aínda estamos buscando a integración no interior da súa propia comunidade, ese é o noso principal obxectivo; por iso non estamos emitindo en inglés tamén, porque esa comunidade...

SL: necesitan falarse entre si.

PL: Si, porque durante séculos, o que lles contaron, o que leron nos libros, os sermóns que rezaban, teñen sido nun só sentido comunicativo... Durante un tempo o único que conseguía a emisora da xente era música, pero agora empezan a falar, despois de oito ou nove anos... Pero fai falta unha presenza continua e o traballo ten que facerse na escola.

“Se queremos pensar no valor dos medios comunitarios, a importancia de ter a túa propia voz e o espazo para expresala, (...) non se trata de se miles de persoas escoitaron o que dixeches, senón se a xente á que estabas intentando chegar escoitou e entendeu o que tratabas de dicir”

Sonia Livingstone

— A importancia das políticas

SL: Deberíamos dicir algo sobre a vontade política que está detrás disto. É certo, hai una cantidade enorme de fantásticas iniciativas por todas partes. E cando te achegas a elas están entusiasmados, pero non están alí cando vas velos cinco anos despois, porque non acadaron o que querían, e supoño que outros se beneficiaron do que eles non acadaron. A xente importante, que ten o diñeiro, debería deixar que haxa máis medios comunitarios, máis lugares para ensinar educomunicación, que se vexa a importancia dos medios na nosas vidas... Pero non o fan. E ás veces unha visible expresión de vontade política podería axudar. Si, o diñeiro axuda, a partir de diversas formas de regulación e orzamento, pero a miúdo trátase máis ben de lexitimar esas actividades, que non se sintan minusvalorados.

Nin sequera nos gobernos europeos ou estadounidense, onde están tan avanzados no sentido de promover que cada casa estea conectada, proporcionando portátiles e tabletas a cada escola, é dicir, recoñecendo a importancia dos medios dixitais, non din “necesitamos ter un programa rigoroso para que a xente se implique, aprenda a usar os medios, aprenda a facer un uso crítico deles,

a entender as súas posibilidades e os seus inconvenientes, e necesitamos que todo o mundo sinta que ten acceso a ese tipo de aprendizaxe”. Estou realmente desconcertada de que iso non estea ocorrendo.

PL: Temos unha rede de radios comunitarias neste país dende 2004 e ao principio déuselle medio millón de libras para empezar. Ninguén quería, por suposto, ver o goberno financiando todo, senón só unha axuda para poñela en marcha. Un estudo feito por Ofcom nese momento revelou que facían falta 8 millóns de libras se se quería que continuase. De 15 estacións do inicio agora temos 200, e o financiamento segue a ser de medio millón. Penso que un dos problemas é que as radios comunitarias, os medios comunitarios en xeral, teñen tocado tantos aspectos da vida social: educación, saúde, etc, que o diñeiro debería de vir de distintos departamentos. Non se trata só de medios, trátase de actividade política, melloras sociais, cambio social. Pero a xente pensa en compartimentos e é só o departamento de Cultura o que achega fondos a industria dos medios...

SL: é o mesmo que ocorre na educomunicación. A xente necesita ter a capacidade de atopar unha boa información *online*, como por exemplo información médica; e dinlle, pois vai ao departamento de Saúde. Pero é que traballo con crianzas... “entón é o departamento de Educación”. É que está relacionado con contidos en diferentes linguas, entón diranche “pois ese é o departamento de medios”... Entón ti dis: “isto é especialmente bo para axudar á xente que non ten unha voz, que está desfavorecida...”. E diranche que tes que ir ao departamento de comunidades. Ninguén di, imos unirnos, porque iso é importante de moitas maneiras para todo tipo de xente.

PL: con respecto ás políticas europeas, hai o Committee Media Forum for Europe, e por suposto está AMARC Europe, que é coñecido en España...

SL: hai moitas iniciativas de educomunicación a nivel europeo, pero non teñen moito efecto.

PL: o que é claro é que hai países cun sector recoñecido que recibe algo de financiamento, pero noutros este tipo de radio é totalmente independente. Hai países, como Hungría, que as recoñeceron nun primei-



4. Sonia Livingstone

ro momento e agora estanas metendo no caixón, tras o cambio de goberno. Hai países con políticas de apoio aos medios comunitarios moi boas como os Países Baixos, Alemaña ou Francia. Francia ten un sistema no que os beneficios do sector audiovisual comercial son destinados a un fondo para o que eles chaman radio asociativa. En España, alí creo que depende das autonomías.

— En España é complicado porque hai unha competencia entre o estado e as autonomías, unha competencia en todas partes... En Alemaña existen os *Öffenen Kanäle*, que son medios comunitarios, en televisión e radio. Os últimos dez anos estes medios melloraron os seus compromisos coa educomunicación e están traballando xuntos e combinándose localmente, porque están establecidos nunha cidade, e comparten o obxectivo de facer televisión comunitaria e desenvolver ao mesmo tempo proxectos de educomunicación nas escolas. Os educadores poden traballar neses canais. Cren que iso é posible en Gran Bretaña?

SL: penso a miúdo que os educadores, especialmente se están traballando en escolas ou bibliotecas, están divorciados das organizacións de medios e ese é outro tipo de problema estrutural. O que pasa nas escolas pode non ter nada que ver coa radio ou xornal desa vila ou desa cidade... pero deberían, e poderían, e desexaríamos que o fixesen.

NOTAS BIOGRÁFICAS

Sonia Livingstone é investigadora sobre educomunicación, fundamentalmente no contexto europeo e con infancia e xuventude, na London School of Economics and Political Science. Interésanlle as diversas dimensións dos debates sobre a educomunicación no ámbito académico, pero tamén as distintas demandas que se están facendo a nivel político, sobre como a educomunicación pode ser estimulada, promovida, activada en distintos tipos de escenarios e para distintos colectivos sociais.

Contacto: s.livingstone@lse.ac.uk, [@Livingstone_S](#)

Peter Lewis é profesor titular en medios comunitarios na London Metropolitan University. Actualmente está implicado nun proxecto de investigación financiado pola axencia HERA. Chámase Transnational Radio Encounters, centrado nas radios comunitarias dentro dun equipo máis amplo que traballa con medios convencionais.

Contacto: p.lewis@londonmet.ac.uk

Carme Mayugo é licenciada en Ciencias da Información pola UAB e investigadora do grupo CIDACOM da Universidade de Santiago de Compostela. É cofundadora de Teleduca, colectivo especializado en proxectos educomunicativos de corte comunitario, e formadora en educomunicación, comunicación comunitaria, documental de autoprodución e pedagogías críticas. Actualmente, prepara a súa tese sobre educomunicación.

Contacto: carme@teleduca.org

Comba Campoy é investigadora do grupo CIDACOM da Universidade de Santiago de Compostela. Traballou comoxornalista, actriz, guionista e produtora audiovisual. Na actualidade coordina o proxecto [CIDEDEC](#) da REAL_CODE, e ultima a súa tese de doutoramento sobre o teatro popular de títeres como resistencia simbólica das comunidades subalternas.

Contacto: combecha@gmail.com, [@combecha](#)